

PREGUNTA 1. FILOSOFÍA E FUNCIÓNS: ACTUALIDADE E UTILIDADE. (2 puntos)

Traballa Vostede como autor/a para unha Web de divulgación de contidos filosóficos chamada “pensando onte para hoxe”. O director de contidos remítelle uns fragmentos públicos da sempre actual “Vindicación dos dereitos da muller” para que Vostede prepare unha divulgativa disertación acerca da actualidade desta cuestión. Vostede lembra ben a filosofía contemporánea de Simone de Beauvoir, a súa concepción de “xénero” e do “segundo sexo” e as súas ideas sobre o feminismo, así como tamén a súa soada cita: «O feminismo é un xeito de vivir individualmente e de loitar colectivamente». Relacione isto co documento facilitado e faga a disertación que lle piden co título: «Feminismo: segundo sexo?». Extensión máxima: 20 liñas. (2 puntos)

Documento: *Vindicación dos dereitos da muller* (Mary Wollstonecraft):

Irmás, se de verdade sodes modestas, debedes lembrar que posuír calquera virtude é incompatible coa ignorancia e a vaidade! ¡Tendes que adquirir a sobriedade mental que unicamente inspira o cumprimento das obrigas e a busca de coñecemento, porque do contrario permaneceredes nunha situación dependente, de dúbida, e só seredes amadas mentres sigades fermosas! (...).

Mais, para facer a muller realmente virtuosa e útil, se cumpre cos seus deberes civís, non debe faltarlle como individuo a protección das leis civís; non debe depender para a súa subsistencia da liberalidade do marido mentres estea vivo, ou do seu apoio unha vez morto, porque, como pode ser xeneroso un ser que non ten nada de seu, ou ser virtuoso quen non é libre?

PREGUNTA 2. APROXIMACIÓN MOTIVADA Á HISTORIA DA FILOSOFÍA. (3 puntos)

2.1. Tendo en conta afirmacións como: «A igualdade (...) non nos vén dada, senón que é o resultado da organización humana» ou «a liberdade é a razón de ser da política», explique o problema fundamental na cuestión: «**A crítica ao totalitarismo. A condición humana en H. Arendt**». (3 puntos)